

20.000 ESPECIES DE ABEJAS

Estibaliz Urresola, 2023

1098

ESTREA EN NUMAX: 21.04.2023 | V.O. | +7 | 129 min

Cocó, de oito anos, non encaixa nas expectativas do resto e non entende por que. Todos ao seu arredor insisten en chamarlle Aitor pero non se reconece nese nome nin na mirada dos demais.

A súa nai Ane, sumida nunha crise profesional e sentimental, aproveitará as vacacións para viaxar cos seus tres fillos á casa materna, onde reside a súa nai Lita e a súa tía Lourdes, estreitamente ligada á cría de abellas e á produción de mel.

Este verán que cambiará as súas vidas obrigará a estas mulleres de tres xeracións moi distintas a enfrontarse ás súas dúbidas e temores. E sobre todo, a Ane a por fin ser honesta consigo mesma.

«Unha proposta tan delicada como emotiva sobre a familia e a identidade»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Estibaliz Urresola: «Facéndolles sentir vergoña aos individuos coártanse as súas actividades, desexos e accións»

Por Alfonso Rivera

Quizais o gran tema do filme sexa a pluralidade: algo tan necesario como aceptar as diferenzas que, ademais, nos enriquecen. O filme é un canto á diversidade, como a que garanten os insectos do título, que me permitían traballar a imaxe da colmea familiar, onde cada abella ten a súa función específica e necesaria para o funcionamento do grupo. Ese organismo superior (a colmea) réxese por unhas regras propias que me interesa identificar como familia. Xérase aí esa tensión do individuo e o colectivo, con este retrato de abellas distintas, diversas e necesarias (avoas, tías, nais, fillas...) para o funcionamento social. Tamén me interesaba non só enfocarme no percorrido do personaxe de Cocó/Lucía, a nena protagonista, senón tamén en como se transforma a mirada de quen a rodea: para iso necesitaba armar esa contorna de persoas distintas que recibe, acepta ou confronta a realidade que se pon sobre a mesa.

Resulta difícil desfacernos de etiquetas: a sociedade cataloga e calquera novidade provoca unha reacción contraria a aceptala. Iso ten que ver co descoñecemento, que nos provoca medo e a nosa primeira reacción é de rexeitamento ao descoñecido. Durante toda a Historia fomos confrontando distintas realidades que nos deron pavor no seu momento, rexeitámolas e finalmente -coa convivencia e a comprensión- acabamos integrándoas e valorándoas como a riqueza que son. Imaxino que con esta realidade vai pasar o mesmo: é certo que a transexualidade non é algo novo, pero as infancias trans saíron á luz hai pouco. Títulos como os que se están rodando internacionalmente sobre esta realidade falan da urxencia e a necesidade de abordar a cuestión.

E a partir do conflito que presenta o teu filme escóitanse frases tan certas como “Non hai que mirar para outro lado” ou “Non vivir con vergoña”; forzas que necesitamos para ser nós mesmos, sexamos como sexamos. Totalmente, das no cravo rescatando a idea de vergoña, porque era un dos temas de fondo que quería traballar: como o pudor fora un mecanismo de control no corpo social para controlar tanto a muller como a identidades diverxentes que saísen do rixido marco binario. Facéndolles sentir vergoña e pudor aos individuos coártanse as súas actividades, desexos e accións. Por iso quería investigar como a estas mulleres do filme, de distintas xeracións, esa vergoña condicionara a súa expresión, subxectividade e relación co mundo.

As mulleres ocupan de novo o centro do teu traballo, como nas túas curtametraxes *Cuerdas* (2022) e *Polvo somos* (2020). Interésache especialmente o universo feminino e as súas complexidades? Sinto, como espectadora, que a historia do cinema ten unha débeda cos personaxes cos que eu podería terme sentido identificada porque, polo contrario, ofreceume personaxes tópicos de vulnerabilidade, debilidade, inacción e pasividade. Como directora quixen aportar tamén unha imaxe da muller moito máis real, das que me rodean, a quen nunca vin na pantalla: mulleres de acción, con dúbidas, contradicións, conflitos, que loitan e calan, pero que cantan e falan. Afortunadamente estamos nun momento de cambio, pero cando estudei cinema elas non estaban nin nos filmes nin nos libros: sentín sempre a pulsión de querer aportar unha representación da muller máis xusta e diversa, algo que fago de xeito intelectual pero tamén de forma visceral, pois sáeme facelo así.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

El bebé verde,
Roberta Marrero.
Lunwerg, 2016

Nom estamos quebrades,
Nee Barros.
Cuarto de inverno, 2023

Llamadme Nathan,
Catherine Castro,
Quentin Zutton.
Astiberri, 2019